



## ACTA

| Expediente núm.                    | Órgano Colexiado |
|------------------------------------|------------------|
| PLN/2026/1                         | O Pleno          |
| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN |                  |

**Tipo Convocatoria:**

Extraordinaria

Motivo: «Resolución alegacions orzamento»

**Data:**

15 de xaneiro de 2026

**Duración:**

Desde las 9:33 hasta las 9:56

**Lugar:**

Sala de sesións da Casa Consistorial

**Presidida por:**

Marisol Morandeira Morandeira

**Secretaría accidental:**

Sandra Freire Del Valle

| ASISTENCIA Á SESIÓN    |                               |        |
|------------------------|-------------------------------|--------|
| Núm. de identificación | Nome e Apelidos               | Asiste |
| 33559345E              | Alexandre Losada Buide        | SÍ     |
| 76578117P              | Alfonso Losada Rodríguez      | SÍ     |
| 33860503H              | Carlos Placido Bujan Lopez    | SÍ     |
| 33314153X              | Jose Manuel López Rodriguez   | SÍ     |
| 32818707F              | MONICA IGLESIAS PREGO         | SÍ     |
| 33317846T              | Maria Margarita Pereira López | SÍ     |
| 32776632E              | Marisol Morandeira Morandeira | SÍ     |
| 76576129K              | María Guadalupe Prado Tomé    | SÍ     |
| 76576366M              | Mónica Roca Ares              | SÍ     |
| 33346610Z              | Paula Campo Barral            | SÍ     |
| 33317872A              | Pilar Vazquez Ares            | SÍ     |





|           |                        |    |
|-----------|------------------------|----|
|           |                        |    |
| 76584155C | Ramón Rivas Villares   | SÍ |
| 76577542P | SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA | SÍ |
| 33538075G | Ivan Morado Corral     | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

| A) PARTE RESOLUTIVA                                                             |                                                       |
|---------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| Expediente 1204/2025. Aprobación definitiva do Orzamento Xeral para o ano 2026. |                                                       |
| Favorable                                                                       | Tipo de votación: Ordinaria                           |
|                                                                                 | A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0 |

<< Feitos e fundamentos de dereito:

### **APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO XERAL PARA O 2026 DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 1204/2025**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Proposta de resolución PR/2025/1188 de 26 de novembro de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 26 de novembro de 2025.

-Acordo plenario de data 4/12/2025 aprobando inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Guitiriz para o exercicio económico 2026, que no seu estado de gastos e ingresos ascende á contía de 5.836.865,11 € concedendo un trámite de audiencia para a presentación de reclamacións durante un período de 15 días, segundo anuncio publicado no BOP de Lugo de data 9/12/2025.

-Alegacións presentadas :

- Jose Manuel López Rodriguez con número de entrada 2025-E-RE-2269 de 30/12/2025.
- Guadalupe Prado Tome con número de entrada 2025-E-RE-2270 de 30/12/2025.
- Maria Margarita Pereira Lopez con número de entrada 2025-E-RC-8331 de 31/12/2025.
- Alexandre Losada Buide con número de entrada 2025-E-RC-8330 de 31/12/2025.





**-INFORME DE REXISTRO DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DE DATA 2/01/2026.**

**VISTO O INFORME DA INTERVENTORA MUNICIPAL DE DATA 8/01/2026 NO QUE SE ESTABLECE:**

« (...)»

**NORMATIVA APLICABLE AS ALEGACIÓNS.**

**Procedemento.** Aprobado inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións ; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

**Lexitimación Interesados para presentar reclamación** a aprobación do orzamento segundo o artigo 170 do TRLFL:

- a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

**Motivos das reclamación.** Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a

mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a





súa efectividade.

*A doutrina maioritaria soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico financeira que comporta o exercicio da autonomía local.*

*Debe terse en consideración que a xurisprudencia recoñece que a falta de axuste aos motivos da impugnación citados non pode, en ningún caso, considerarse como causa de inadmisión das reclamacións, senón como causa de desestimación.*

### **ALEGACIÓN DE MARGARITA PEREIRA LOPEZ.**

**Resumo da mesma.** *A alegante manifesta que aínda que formalmente teñan encaixe partidas de ingresos, no informe económico financeiro, a alcaldesa afástase da realidade xa que nin teñen en conta circunstancias obxectivas do concello de Guitiriz para o ano 2026.*

*Os capítulos de ingresos, impostos directos, indirectos e taxas e outros ingresos, no caso do imposto sobre bens inmobles rústico multiplícase por dous os seus ingresos, sen estar esta subida dos mesmos xustificada e sendo a mesma cantidade de inmobles a ten o concello, polo que non se xustifica tal suba dos mesmos.*

*O imposto sobre construcións, instalacións e obras tamén leva unha previsión de ingresos irreal, por que nada fai prever un repunta ao dobre como se espera, ningún ano o concello de Guitiriz tivo tal incremento.*

*Os ingresos por licenzas urbanísticas ten unha previsión do triplo do exercicio pechado anterior, tamén carece dun estudo fundamento para tal previsión.*

*Fundamenta a alegación no artigo 170.2 B do TRLFL en base a omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude do precepto legal ou calquera outro título lexítimo, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos respectos dos gasto presupostados.*

*A alegante está lexitimada, xa que é veciña do termo municipal segundo conta no expediente, o certificado de empadramento da alegante.*

### **Análise e informe da mesma da alegación.**

*Con carácter xeral, hai que ter en conta que da propia definición do artigo 162 do TRLF se desprende que o orzamento é unha previsión de dereitos que se prevean liquidar durante o exercicio.*

*Os orzamentos xerais das entidades locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática de:*

*As obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio.*





O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece no seu artigo 168 , o seguinte, en relación a fundamentación dos datos previstos no proxecto de orzamento :

*“(...)Artigo 168. Procedemento de elaboración e aprobación inicial.*

*1.O orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e a el haberá de unirse a seguinte documentación*

*.../...*

*g) Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento (...).”*

*A manifesta insuficiencia dos ingresos foi conceptualmente abordada polos tribunais de Xustiza, así o TSJ Andalucía (Selecta) (Contencioso), sec. 1ª, S 26-03-2019, nº 682/2019, rec. 1008/2017 pronúnciase nos seguintes termos: “(...) Sentado o anterior, a entidade mercantil recorrente razoa que o crédito resulta manifestamente insuficiente, pois estableceu unha dotación orzamentaria de 10.229.859,59 euros para a subvención ao transporte urbano, e, con todo, conforme aos cálculos que expón no seu fundamento segundo, sería preciso engadir, polo menos, unha cantidade adicional de 6.266.540 euros, que traen causa tanto da cantidade que debe o Concello á sociedade do ano anterior, que ascende a 2.710.053 euros, e 3.556.487 euros adicionais, pola diferenza que existe entre os ingresos do servizo estimados polo Coordinador de Movilidad para o ano 2015, pois nunca poderán superar a cifra de 21.996.085 euros. A este respecto, o art. 170.2 c) do TRLHL (EDL 2004/2992) prevé como causa de impugnación do orzamento en vía administrativa que sexa de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados, ou ben destes respecto a as necesidades para as que están previstos. Para a prosperabilidade da acción exercitada é preciso que a alegada insuficiencia da dotación orzamentaria sexa manifesta, é dicir, que sexa facilmente apreciable á vista da documentación achegada, e que, engadimos, ostente suficiente relevancia para poder deducir que o interese lexítimo da entidade mercantil, en canto acreedora de tales créditos, poida verse afectado por esta circunstancia. Debe salientarse que os orzamentos en canto expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente realizan unha mera previsión respecto do gasto controvertido, polo que non pode esixirse unha total correlación ou identidade no momento da súa aprobación, como é evidente, pois é incerta a cantidade que finalmente resultará da liquidación definitiva. Con todo, iso non impide, insístese, que*





cando esta estimación resulte notoriamente inadecuada poida ser obxecto de impugnación.”

O TSJ Madrid (Contencioso), sec. 2ª, S 19-06-2013, nº 825/2013, rec. 251/2012 sinala a incongruencia de estimar certas alegacións que diminuírían os ingresos co fin de non cumprir cos gastos previstos: “(...) Pois ben, examinadas as argumentacións esgrimidas polas partes en apoio das súas respectivas pretensións, a Sala conclúe que debe rexeitarse a alegación impugnatoria que nos ocupa bastando para iso con sinalar que a previsión de ingreso impugnada non ten o seu encaixe nin acollida no artigo 170.2.c) da LHL (EDL 2004/2992) , expresamente invocado pola actriz para fundamentar a súa impugnación. En efecto, no referido precepto posibilitase a reclamación orzamentaria cando se alegue a insuficiencia de ingresos en relación cos gastos orzados e que aquela insuficiencia sexa manifesta, suposto que non garda relación algunha coa concreta previsión impugnada, máxime cando unha eventual estimación da impugnación conlevaría unha minoración dos ingresos orzamentarios previstos, finalidade e obxectivo diametralmente opostos ao contemplado na Lei: garantir a suficiencia dos ingresos , para facer fronte aos gastos orzados . (...)”

No expediente do orzamento xeral para o ano 2026 figura no expediente un informe económico financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

En relación ao capítulo 1 de ingresos se manifesta que se calcularon segundo os padróns tributarios do ano 2025, comparando os anticipos de recadación realizados pola Deputación provincial de Lugo. En no capítulo 2 se realiza a partir da recadación e do estudio de evolución dos últimos tres anos.

A continuación analizo cada concepto concreto manifestado a alegante, que as partidas de ingresos xa manifesta que ten encaixe formal no informe económico financeiro da alcaldía, polo que está xustificando que están explicados no informe económico financeiro, tal e como prescribe a normativa vixente.

En primeiro lugar a alegante pon de manifesto que o imposto sobre ben inmobles de natureza rústica, multiplícase por dous os seus ingresos.

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 11200 “ Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica” segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

| ANO  | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|------|---------------------|----------------------|
| 2023 | 50.000,00           | 53.462,39            |







|                               |           |             |
|-------------------------------|-----------|-------------|
| 2024                          | 58.000,00 | 33.532,81   |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 58.000,00 | 20.771,52   |
| 2025                          | 58.000,00 | 38.357,14 * |

- No ano 2025, a emisión do presente informe, se encontran 11 meses contabilizados, polo que os dereitos recoñecidos poderán ser máis.

A previsión do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica é de 49.000 euros, se fixo unha previsión a baixa respecto as previsións dos anos anteriores, se consideramos que dos 6 primeiros meses do ano 2025 se tiveron 20.771,52 euros, ao final do ano sería de 41.543,04 euros. Polo que non hai unha previsión do dobre dos ingresos como se manifesta pola alegante, é o que é determinante unha posible diferenza de 8.000 euros, non se pode considerar que exista unha manifesta insuficiente dos ingresos.

En segundo lugar, a alegante manifesta que o imposto sobre construción, instalacións e obra ten unha previsión irreal, e que non se preve que se recade o dobre.

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 290 " Imposto construción, instalacións e obra segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

| ANO                           | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2022                          | 75.000,00           | 122.087,21           |
| 2023                          | 75.000,00           | 53.887,19            |
| 2024                          | 75.000,00           | 47.709,21            |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 78.000,00           | 28.009,15            |

Esta intervención informa que non se especifica o fundamento legal e numérico para afirmación, que se manifesta pola alegante, porque non se manifesta cal é o importe que se considera o adecuado, no informe económico financeiro do orzamento, se pon de manifesta que se teñen en conta os últimos anos, como se ve no ano 2022 se superaron as previsións,. Ademais nos e pode considerar que a posible desviación de ingresos que manifesta a alegante sexa unha manifesta insuficiencia de ingresos, porque estaríamos falando dun posibles 25.000 euros.

O mesmo se pode manifestar do concepto de taxas por licenzas urbanísticas que van unidas ao imposto sobre construción, instalacións e obras, polo que o mesmo fundamento xurídico se pode aplicar a esta parte da alegación.

Polo anterior, esta intervención informa que carece de fundamento legal, ou polo menos coa alegación presentada non se xustifica a insuficiencia deste ingreso en relación aos gastos orzamentados. A alegante non manifesta cal é importe da insuficiencia dos ingresos neste concepto, cal é o importe que ao seu parecer podería ser o correcto para a previsión ( xa





*que menciona o dobre ou triplo pero non respecto a qué exercizo)*

*A alegante non manifesta unha concreción da insuficiencia de ingresos respecto dos gastos, que é o motivo que permite a lei de facendas locais para impugnar os orzamentos, realmente non especifica o importe que se considera que os ingresos son manifestamente insuficiente respecto aos gastos, porque esta intervención recorda que o orzamento debe estar equilibrado, e se a alegante manifesta esta insuficiencia debería cuantificala e dicir que gasto deberían ser minorados, ou polo menos porque importe para manter o equilibrio orzamentario, requisito legal para a súa aprobación, por iso aínda que a alegante invoque a manifesta insuficiencia de ingresos, non pode aseverarse de maneira categórica a mesma en relación dos gastos orzamentados, como sinala a lei de facendas locais.*

*As cantidades orzamentadas teñen carácter estimativo, os gastos non han de superar o importe máximo das previsións de ingresos, xa que se prohíbe o déficit inicial, o presente orzamento está equilibrado.*

*A suficiencia dos ingresos se acredita no informe económico financeiro que forma parte da documentación do orzamento xeral para o ano 2026, o cal xustifica a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos dos funcionamento dos servizos. Asimesmo, debe informarse que para que prospere a presente reclamación, tanto sobre a insuficiencia de ingresos como a dos créditos han de ser “ manifesta” debe acreditarse mediante informe pericial ou outro medio de proba suficiente non bastando con manifestacións de que “ sexa posible”, “ irreais”, desorbitado”..... neste senso, hai xurisprudencia tales extremos, como STSJ de Baleares de 1 de decembro de 2000 (JT2000,1937).*

*É polo que a impugnación soamente se pode aceptar se a insuficiencia sexa manifesta, pois outra cousa, suporía limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico financeiras que comporta o exercicio da autonomía local.*

*Agora ben, no suposto de que nalguns dos conceptos que manifesta a alegante ao longo do exercicio estivemos nun notorio desfase dos ingresos e gastos, a normativa pon a disposición das administracións públicas diversos mecanismos para a súa regularización, a saber, a declaración de créditos non dispoñibles e incluso baixas de anulación reguladas, respectivamente, nos artigos 33 e 50 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.*

*Polo anterior se informa que se debe desestimar a alegación presentada.*

#### **ALEGACION DE ALEXANDRE LOSADA BUIDE.**

**Resumo da alegación.** *No orzamento xeral non figura partida específica algunha para afrontar o gasto de transporte dos usuarios do centro de día, que segundo decretos xa publicados ronda mais de 7.550 euros ao mes, o que supón máis de 90.000 euros ao ano.*

*No anexo de presupostos de gastos, clasificación económica, detalle por artigo e conceptos*







*non figura cantidade presupostada suficiente para tal fin, no concepto de transportes. Por iso considera necesario dotar de crédito suficiente este concepto de gastos para atender a dito servizo.*

*Polo que considera que sería necesario aplicar a correspondente partida orzamentaria de gastos de transporte de 166.000 euros ara cubrir os transportes presupostados máis o transporte do centro de día.*

*A alegación se refire a inclusión de partida específica para o transporte do centro de día.*

*Fundamenta a alegación no artigo 170.2 B do TRLFL en base a omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude do precepto legal ou calquera outro título lexítimo, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos respectos dos gasto presupostados.*

*O alegante está lexitimada, xa que é veciño do termo municipal segundo consta no expediente co certificado de empadramento.*

#### **Análise e informe da mesma da alegación.**

*O alegante basea a súa alegación na omisión do crédito necesario para cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou calquera título lexítimo, mencionando o artigo 170.2 c, en primeiro lugar hai que dicir que ese motivo de alegación está regulado no artigo 170.2 apartado b) non no apartado c).*

*En segundo lugar, como ben di, o citado apartado b), a esixibilidade das obrigas pode ser en virtude de precepto legal o título lexítimo, polo que pode ser a existencia dunha sentencia xudicial, ou ben da propia execución do orzamento. As obrigas nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos, que segundo o dereito, se xeran. Nacidas as obrigas, as mesmas son esixible cando resultan da execución dos seus orzamentos, é dicir, que non poderán pagarse a obriga senón hai consignación orzamentaria.*

*Esta intervención informa que no proxecto de orzamento para o ano 2026, existe a aplicación orzamentaria 231.22300 por importe de 62.000 euros, a aplicación 334.22300 por importe de 2.000 euros e 341.22300 por importe de 2.000 euros.*

*Por unha parte a aplicación 231.223 é para sufragar os gastos de transporte do centro de día, que segundo consta no rexistro de facturas, a última factura presentada é por importe de 5.700 euros polo mes de decembro. Se ese importe se multiplica por 12 meses, resulta 68.400 euros. Se consideramos que está iniciado un expediente para licitación publica do servizo de transporte do centro de día, e considerando que as licitacións en moitos casos, son a baixa sobre o prezo de licitación, se considera axeitado o importe consignado para tal servizo.*

*O alegante manifesta que non existe partida específica o que non é certo, xa que está*





consignada a aplicación orzamentaria 231.22300, e que non é por cantidade suficiente, no parágrafo anterior se xustifica o importe consignado o cal se considera suficiente e adecuado para tal fin. Sen prexuízo de que a normativa orzamentaria permite non soamente verificar a existencia de crédito a novel da aplicación orzamentaria senón tamén a nivel da bolsa de vinculación, que neste caso, é a 2.2 é o importe é de 938.500,00 euros. Polo que se esta intervención certifica, que no proxecto de orzamento, a data do presente informe, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto do servizo de transporte do centro de día, a vista do importe da última factura presentada no mes de decembro.

Nos outros gastos de transporte nas aplicacións 334.223 e 341.22300, no ano 2025s e recoñeceron obrigas por importe de 1.160,50 euros, polo que tamén se considera suficiente o crédito orzamentado.

Esta intervención non pode informar sobre a manifestación do alegante de que :” sería necesario aplicar a correspondente partida orzamentaria de gastos de transporte de 166.000 euros para cubrir os transportes presupostados máis o transporte do centro de día”, xa que non se entende a que gastos de transporte se refire, para ese importe de 166.000 euros.

Por todo o anterior, esta informa desfavorablemente a presente alegación de inclusión de partida específica para o gasto de transporte do centro de día, xa que a aplicación orzamentaria para o transporte do centro de día, está incluída no orzamento con crédito suficiente e adecuado a vista da última factura presentada a expensas do procedemento de licitación do servizo ( aplicación 231.223).

### **ALEGACION DE GUADALUPE PRADO TOMÉ.**

**Resumo da alegación.** A alegante presenta unha alegación en relación a que non existe partida para o gasto específico, de desinfección e limpeza de contenedores de lixo e para mantemento das beirarrúas do casco urbano de Guitiriz e Parga, nun estado de deterioro e abandono importante que provocan a responsabilidade patrimonial da entidade local fronte aos danos e prexuízos que crea aos veciños.

Manifesta que son moitas as queixas que levan trasladado durante o ano 2025 sen obter resposta por parte da alcaldesa en partidas específicas de gasto corrente no orzamento do ano 2026, que debería ter incorporadas tales partidas previo estudio financeiro do custo de ámbalas partidas requiridas, e polo que se omite o crédito necesario para o cumprimento de ditas labouras esixibles legalmente ao concello, en virtude da lei, en materia de salubridade e saúde pública, e mantemento de seguridade viaria de bens e infraestruturas municipais.

Fundamenta a alegación en base ao artigo 170.2 b do TRLFL en base a omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou calquera outro título lexítimo por ser manifesta insuficiencia os ingreso con respecto aos gastos presupostados.





*A alegante solicita a inclusión no anexo de inversións, correspondente a inversión de reposición de infraestruturas, as partidas específicas necesarias para unha campaña integral de desinfección e limpeza de todos os contedores de lixo.*

*A alegante está lexitimada, xa que é veciña do termo municipal segundo consta no expediente, co certificado de empadramento.*

### **Análise e informe da alegación.**

*A alegante fundamenta a súa reclamación no artigo 170.2 b) de se omiten os crédito necesario para cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou calquera título lexítimo.*

*A esixibilidade das obrigas pode ser en virtude de precepto legal o título lexítimo, polo que pode ser a existencia dunha sentenza xudicial, ou ben da propia execución do orzamento. As obrigas nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos, que segundo o dereito, se xeran. Nacidas as obrigas, as mesmas son esixible cando resultan da execución dos seus orzamentos, é dicir, que non poderán pagarse a obriga senón hai consignación orzamentaria.*

*En relación aos gastos que relaciona a alegante de aplicacións de desinfección e limpeza de contedores de lixo e o inversións de reposición de infraestruturas , non son no momento de aprobación do orzamento, obrigas esixibles, por cuanto no lle consta a esta intervención ningún precepto legal, acto, acordo, sentenza... que obriga a esta entidade local, a estes gastos. A lei impón a obriga as Corporacións locais de incluír as previsión para facer fronte a aquelas obrigas xa recoñecidas directamente pola lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos o ditados en aplicación de aquela.*

*Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa esixible, isto é, que se perfeccione mediante os actos necesarios para súa efectividade. Para que sexan esixibles as obrigacións de pago deben nacer previamente; por iso adóitase distinguir entre o nacemento da obrigación e a súa esixibilidade, de tal maneira que non son esixibles se non naceu a obrigación. Neste sentido o art. 26.1 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, dispón que "con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario". Por iso, o art. 170.2.b) TRLRHL refírese a que é imprescindible que no Orzamento municipal conste consignación adecuada e suficiente para poder atender aquelas obrigacións que nacesen e que, en consecuencia, deben imputarse ao Orzamento inexorablemente para poder pagarse; e se non consta consignación adecuada e suficiente, o interesado pode alegar contra o Orzamento. Por iso, non é suficiente con ter unha simple expectativa ou presunción de que existirá unha obrigación de*





*futuro, sendo imprescindible para aplicar o citado precepto que o interesado teña un título suficiente esixible á Entidade Local e que esta non consigne crédito para iso. Todo iso sen prexuízo da obrigación que poida ter, no seu caso, a Entidade Local de atender necesariamente determinados gastos, pero cando xurda a obrigación de atendelos.*

*Polo que esta intervención informa que esta alegación debe ser desestimada aínda que se intenta fundamentar no artigo 170.2 b) non se concreta o precepto legal o título lexítimo das obrigas que se mencionan, e ademais, a esta intervención a data do presente informe non lle consta a existencia desas obrigas.*

### **ALEGACIÓN DE JOSE MANUEL LOPEZ RODRIGUEZ.**

*O alegante manifesta que aínda que formalmente teñan encaixe partidas de ingresos, no informe económico financeiro, a alcaldesa afástase da realidade xa que nin teñen en conta circunstancias obxectivas do concello de Guitiriz para o ano 2026.*

*Os capítulos de ingresos, impostos directos, indirectos e taxas e outros ingresos, no caso do imposto sobre bens inmobles rústico multiplícase por dous os seus ingresos, sen estar esta subida dos mesmos xustificada e sendo a mesma cantidade de inmobles a ten o concello, polo que non se xustifica tal suba dos mesmos.*

*Os ingreso polo imposto sobre bens inmobles de natureza urbana ten unha estimación a alza da recadación do mesmo irreal que non se axusta a situación actual do concello carece fundamento polo que non se cumprira.*

*Os ingresos por entradas da piscina municipal calculase unha recadación ao dobre do exercicio pechado anterior sen estudo algún o informe que o acredite, o mesmo sucede co prezo público da utilización da pista de padel, nada fai prever o dobre de usuarios nin a suba do prezo público ao dobre polo seu uso, polo que a estimación non está xustificada.*

*Os ingresos por licenzas urbanísticas ten unha previsión do triplo que o exercicio pechado anterior, tamén carece dun estudo ou fundamento para tal previsión.*

*Solicita reducir de forma realista as partidas de ingresos rebaixando proporcionalmente os gastos en relación a unha auditoría ou informe económico previo da situación real do municipio.*

*Fundamenta a alegación no artigo 170.2 b) na omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou calquera outro título lexítimo, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con respectos os gastos presupostarías.*

### **Análise e informe da alegación.**

*Se reproduce a continuación o xa manifestación noutra alegación sobre a manifesta insuficiencia dos ingresos: Con carácter xeral, hai que ter en conta que da propia definición*





do artigo 162 do TRLF se desprende que o orzamento é unha previsión de dereitos que se prevean liquidar durante o exercicio.

Os orzamentos xerais das entidades locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática de:

As obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercicio.

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece no seu artigo 168 , o seguinte, en relación a fundamentación dos datos previstos no proxecto de orzamento :

“(...)Artigo 168. Procedemento de elaboración e aprobación inicial.

1.O orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e a el haberá de unirse a seguinte documentación

.../...

g) Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento (....)”.

A manifesta insuficiencia dos ingresos foi conceptualmente abordada polos tribunais de Xustiza, así o TSJ Andalucía (Selecta) (Contencioso), sec. 1ª, S 26-03-2019, nº 682/2019, rec. 1008/2017 pronúnciase nos seguintes termos: “(...) Sentado o anterior, a entidade mercantil recorrente razoa que o crédito resulta manifestamente insuficiente, pois estableceu unha dotación orzamentaria de 10.229.859,59 euros para a subvención ao transporte urbano, e, con todo, conforme aos cálculos que expón no seu fundamento segundo, sería preciso engadir, polo menos, unha cantidade adicional de 6.266.540 euros, que traen causa tanto da cantidade que debe o Concello á sociedade do ano anterior, que ascende a 2.710.053 euros, e 3.556.487 euros adicionais, pola diferenza que existe entre os ingresos do servizo estimados polo Coordinador de Movilidad para o ano 2015, pois nunca poderán superar a cifra de 21.996.085 euros. A este respecto, o art. 170.2 c) do TRLHL (EDL 2004/2992) prevé como causa de impugnación do orzamento en vía administrativa que sexa de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados, ou ben destes respecto a as necesidades para as que están previstos. Para a prosperabilidade da acción exercitada é preciso que a alegada insuficiencia da dotación orzamentaria sexa manifesta, é dicir, que sexa facilmente apreciable á vista da documentación achegada, e que, engadimos, ostente suficiente relevancia para poder deducir que o interese lexítimo da entidade mercantil, en canto acreedora de tales créditos, poida verse afectado por esta circunstancia. Debe salientarse que os orzamentos en canto expresión cifrada, conxunta e







sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente realizan unha mera previsión respecto do gasto controvertido, polo que non pode esixirse unha total correlación ou identidade no momento da súa aprobación, como é evidente, pois é incerta a cantidade que finalmente resultará da liquidación definitiva. Con todo, iso non impide, insístese, que cando esta estimación resulte notoriamente inadecuada poida ser obxecto de impugnación."

O TSJ Madrid (Contencioso), sec. 2ª, S 19-06-2013, nº 825/2013, rec. 251/2012 sinala a incongruencia de estimar certas alegacións que diminuírían os ingresos co fin de non cumprir cos gastos previstos: "(...) Pois ben, examinadas as argumentacións esgrimidas polas partes en apoio das súas respectivas pretensións, a Sala conclúe que debe rexeitarse a alegación impugnatoria que nos ocupa bastando para iso con sinalar que a previsión de ingreso impugnada non ten o seu encaixe nin acollida no artigo 170.2.c) da LHL (EDL 2004/2992) , expresamente invocado pola actriz para fundamentar a súa impugnación. En efecto, no referido precepto posibilitase a reclamación orzamentaria cando se alegue a insuficiencia de ingresos en relación cos gastos orzados e que aquela insuficiencia sexa manifesta, suposto que non garda relación algunha coa concreta previsión impugnada, máxime cando unha eventual estimación da impugnación conlevaría unha minoración dos ingresos orzamentarios previstos, finalidade e obxectivo diametralmente opostos ao contemplado na Lei: garantir a suficiencia dos ingresos , para facer fronte aos gastos orzados . (...) "

No expediente do orzamento xeral para o ano 2026 figura no expediente un informe económico financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

En relación ao capítulo 1 de ingresos se manifesta que se calcularon segundo os padróns tributarios do ano 2025, comparando os anticipos de recadación realizados pola Deputación provincial de Lugo. En no capítulo 2 se realiza a partir da recadación e do estudio de evolución dos últimos tres anos.

A continuación analizo cada concepto concreto manifestado polo alegante, que as partidas de ingresos xa manifesta que ten encaixe formal no informe económico financeiro da alcaldía, polo que está xustificando que están explicados no informe económico financeiro, tal e como prescribe a normativa vixente.

En primeiro lugar a alegante pon de manifesto que o imposto sobre ben inmobles de natureza rústica, multiplícase por dous os seus ingresos.







En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 11200 “ Imposto sobre bens inmoables de natureza rústica” segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

| ANO                           | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 50.000,00           | 53.462,39            |
| 2024                          | 58.000,00           | 33.532,81            |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 58.000,00           | 20.771,52            |
| 2025                          | 58.000,00           | 38.357,14 *          |

- No ano 2025, a emisión do presente informe, se encontran 11 meses contabilizados, polo que os dereitos recoñecidos poderán ser máis.

A previsión do imposto sobre bens inmoables de natureza rústica é de 49.000 euros, se fixo unha previsión a baixa respecto as previsións dos anos anteriores, se consideramos que dos 6 primeiros meses do ano 2025 se tiveron 20.771,52 euros, ao final do ano sería de 41.543,04 euros. Polo que non hai unha previsión do dobre dos ingresos como se manifesta pola alegante, é o que é determinante unha posible diferenza de 8.000 euros, non se pode considerar que exista unha manifesta insuficiente dos ingresos.

En segundo lugar en relación ao imposto sobre bens inmoables de natureza urbana, considera que ten unha estimación a alza, que é irreal, que non se axusta a situación actual.

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 11300 “ Imposto sobre bens inmoables de natureza rústica” segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 11300 “ Imposto sobre bens inmoables de natureza urbana” segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

| ANO                           | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 650.000,00          | 535.546,73           |
| 2024                          | 755.000,00          | 722.529,41           |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 780.000,00          | 420.680,17           |
| 2025                          | 780.000,000         | 721.479,10           |

- No ano 2025, a emisión do presente informe, se encontran 11 meses contabilizados, polo que os dereitos recoñecidos poderán ser máis.





A previsión do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana é de 820.000,00 euros, se fixo unha previsión a `partir do avance dos seis primeiros meses do ano 2025, que son de 420.3680,17 euros, se o multiplicamos por dous, teremos a previsión de dereitos recoñecidos do ano 2025, que é 841.360,34 euros, que maior que a previsión de ingresos do concepto do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana para o ano 2026, polo que non se entende que o alegante manifeste que é irreal e que non se axusta a situación actual do concello.

En terceiro lugar, en relación os ingresos pola piscina municipal e a utilización da pista de padel,

#### *Piscina municipal*

| ANO                           | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 3.000,00            | 2.544,50             |
| 2024                          | 3.000,00            | 2.743,30             |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 3.000,00            | 0,00                 |

A previsión para o ano 2026 é de 4.000 euros, considerando que no avance do ano 2025 dos seis primeiros meses, non hai datos, xa que a piscina abre a finais do mes de xuño, e considerando o recadado en anos anteriores, non se pode considerar que a diferenza de 1.300 euros nun orzamento de 5.836.865,11 euros, sexa unha manifesta insuficiencia de ingreso.

#### *Pista de padel*

| ANO                           | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 15.000,00           | 4585,71              |
| 2024                          | 5.000,00            | 3.589,87             |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 3.000,00            | 2.854,53             |

A previsión para o ano 206 é de 6.000 euros, considerando que no avance do ano 2025 dos seis primeiros meses, os dereitos recoñecidos eran de 2.854,53 e considerando que se se multiplica por dous, polo ano completo, son 5.709,06 euro menos os 6.000 euros de previsión para o ano 2026, son 290,94 euros non se pode considerar que a diferenza de 290,94 euros nun orzamento de 5.836.865,11 euros, sexa unha manifesta insuficiencia de ingreso.

En cuarto lugar, en relación as licenzas urbanísticas, se reproducen os mesmos fundamentos legais que para outra alegacións e informaron respecto das mesmas e do imposto sobre construción, instalacións e obras.

Polo anterior, esta intervención informa que carece de fundamento legal, ou polo menos coa alegación presentada non se xustifica a insuficiencia deste ingreso en relación aos gastos orzaamentados. A alegante non manifesta cal é importe da insuficiencia dos ingresos neste





concepto, cal é o importe que ao seu parecer podería ser o correcto para a previsión ( xa que menciona o dobre ou triplo pero non respecto a qué exercizo)

*A Insuficiencia dos ingresos. Polo anterior esta intervención informa que a alegante non manifesta unha concreción da insuficiencia de ingresos respecto dos gastos, que é o motivo que permite a lei de facendas locais para impugnar os orzamentos, realmente non especifica o importe que se considera que os ingresos son manifestamente insuficiente respecto aos gastos, porque esta intervención recorda que o orzamento debe estar equilibrado, e se a alegante manifesta esta insuficiencia debería cuantificala e dicir que gasto deberían ser minorados, ou polo menos porque importe para manter o equilibrio orzamentario, requisito legal para a súa aprobación, por iso aínda que a alegante invoque a manifesta insuficiencia de ingresos, non pode aseverarse de maneira categórica a mesma en relación dos gastos orzamentados, como sinala a lei de facendas locais.*

*As cantidades orzamentadas teñen carácter estimativo, os gastos non han de superar o importe máximo das previsións de ingresos, xa que se prohíbe o déficit inicial, o presente orzamento está equilibrado.*

*A suficiencia dos ingresos se acredita no informe económico financeiro que forma parte da documentación do orzamento xeral para o ano 2026, o cal xustifica a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos dos funcionamento dos servizos. Asimesmo, debe informarse que para que prospere a presente reclamación, tanto sobre a insuficiencia de ingresos como a dos créditos han de ser “ manifesta” debe acreditarse mediante informe pericial ou outro medio de proba suficiente non bastando con manifestacións de que “ sexa posible”, “ irreais”, desorbitado”..... neste senso, hai xurisprudencia tales extremos, como STSJ de Baleares de 1 de decembro de 2000 (JT2000,1937).*

*É polo que a impugnación soamente se pode aceptar se a insuficiencia sexa manifesta, pois outra cousa, suporía limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico financeiras que comporta o exercicio da autonomía local. Ademais o alegante non concreta o importe da insuficiencia, e menciona a realización dunha auditoría ou informe económico previo. O citado informe económico financeiro xa consta no expediente, dando co cumprimento ao mandato legal do artigo 168 do TRLFL, que regula o informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento*

## **CONCLUSIÓN.**

*Esta intervención informa desfavorablemente as alegacións presentadas xa que soamente mencionan o artigo 170 do TRLFL, pero sen ningún fundamento do mesmo para explicar o*





*motivo das alegacións en canto a manifesta insuficiencia dos ingresos con relación aos gastos orzamentarios o pola omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles a entidade local, segundo os argumentos xurídicos descritos no presente informe.*

*Este é o meu informe, agás outro mellor fundado en dereito»*

Considerando o disposto nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

Vista a proposta de resolución PR/2026/14 de 8 de xaneiro de 2026.

### **Resolución:**

O pleno da corporación cos 7 votos favorables do PSOE, 4 votos en contra do PP e 2 votos en contra do BNG, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Desestimar a totalidade das alegacións presentadas en base ao seguinte:

1- Alegación de Margarita Pereira López en base ao manifestado no informe de intervención transcrito anteriormente, concretamente cando manifesta:

“ En primeiro lugar a alegante pon de manifesto que o imposto sobre ben inmobles de natureza rústica, multiplícase por dous os seus ingresos.

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 11200 “ Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica” segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

| ANO                           | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 50.000,00           | 53.462,39            |
| 2024                          | 58.000,00           | 33.532,81            |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 58.000,00           | 20.771,52            |
| 2025                          | 58.000,00           | 38.357,14 *          |

- No ano 2025, a emisión do presente informe, se encontran 11 meses contabilizados, polo que os dereitos recoñecidos poderán ser máis.

A previsión do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica é de 49.000 euros, se fixo unha previsión a baixa respecto as previsións dos anos anteriores, se consideramos que dos 6 primeiros meses do ano 2025 se tiveron 20.771,52 euros, ao final do ano sería de 41.543,04 euros. Polo que non hai unha previsión do dobre dos ingresos como se manifesta pola alegante, é o que é determinante unha posible diferenza de 8.000 euros, non se pode





considerar que exista unha manifesta insuficiente dos ingresos.

En segundo lugar, a alegante manifesta que o imposto sobre construción, instalacións e obra ten unha previsión irreal, e que non se preve que se recade o dobre.

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 290 “ Imposto construción, instalacións e obra segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

| ANO                           | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2022                          | 75.000,00           | 122.087,21           |
| 2023                          | 75.000,00           | 53.887,19            |
| 2024                          | 75.000,00           | 47.709,21            |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 78.000,00           | 28.009,15            |

Esta intervención informa que non se especifica o fundamento legal e numérico para afirmación, que se manifesta pola alegante, porque non se manifesta cal é o importe que se considera o adecuado, no informe económico financeiro do orzamento, se pon de manifesta que se teñen en conta os últimos anos, como se ve no ano 2022 se superaron as previsións,. Ademais nos e pode considerar que a posible desviación de ingresos que manifesta a alegante sexa unha manifesta insuficiencia de ingresos, porque estaríamos falando dun posibles 25.000 euros.

O mesmo se pode manifestar do concepto de taxas por licenzas urbanísticas que van unidas ao imposto sobre construción, instalacións e obras, polo que o mesmo fundamento xurídico se pode aplicar a esta parte da alegación.

Polo anterior, esta intervención informa que carece de fundamento legal, ou polo menos coa alegación presentada non se xustifica a insuficiencia deste ingreso en relación aos gastos orzamentados. A alegante non manifesta cal é importe da insuficiencia dos ingresos neste concepto, cal é o importe que ao seu parecer podería ser o correcto para a previsión ( xa que menciona o dobre ou triplo pero non respecto a qué exercizo)

A alegante non manifesta unha concreción da insuficiencia de ingresos respecto dos gastos, que é o motivo que permite a lei de facendas locais para impugnar os orzamentos, realmente non especifica o importe que se considera que os ingresos son manifestamente insuficiente respecto aos gastos, porque esta intervención recorda que o orzamento debe estar equilibrado, e se a alegante manifesta esta insuficiencia debería cuantificala e dicir que gasto deberían ser minorados, ou polo menos porque importe para manter o equilibrio orzamentario, requisito legal para a súa aprobación, por iso aínda que a alegante invoque a manifesta insuficiencia de ingresos, non pode aseverarse de maneira categórica a mesma en relación dos gastos orzamentados, como sinala a lei de facendas locais.







As cantidades orzamentadas teñen carácter estimativo, os gastos non han de superar o importe máximo das previsións de ingresos, xa que se prohibe o déficit inicial, o presente orzamento está equilibrado.

A suficiencia dos ingresos se acredita no informe económico financeiro que forma parte da documentación do orzamento xeral para o ano 2026, o cal xustifica a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos dos funcionamento dos servizos. Asimesmo, debe informarse que para que prospere a presente reclamación, tanto sobre a insuficiencia de ingresos como a dos créditos han de ser “ manifesta” debe acreditarse mediante informe pericial ou outro medio de proba suficiente non bastando con manifestacións de que “ sexa posible”, “ irreais”, desorbitado”..... neste senso, hai xurisprudencia tales extremos, como STSJ de Baleares de 1 de decembro de 2000 (JT2000,1937).

É polo que a impugnación soamente se pode aceptar se a insuficiencia sexa manifesta, pois outra cousa, suporía limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico financeiras que comporta o exercicio da autonomía local.

Agora ben, no suposto de que nalguns dos conceptos que manifesta a alegante ao longo do exercicio estivemos nun notorio desfase dos ingresos e gastos, a normativa pon a disposición das administracións públicas diversos mecanismos para a súa regularización, a saber, a declaración de créditos non dispoñibles e incluso baixas de anulación reguladas, respectivamente, nos artigos 33 e 50 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

Polo anterior se informa que se debe desestimar a alegación presentada.”

2- Alegación de Alexandre Losada Buide en base ao manifestado no informe de intervención transcrito anteriormente, concretamente cando manifesta:

“O alegante basea a súa alegación na omisión do crédito necesario para cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou calquera título lexítimo, mencionando o artigo 170.2 c, en primeiro lugar hai que dicir que ese motivo de alegación está regulado no artigo 170.2 apartado b) non no apartado c).

En segundo lugar, como ben di, o citado apartado b), a esixibilidade das obrigas pode ser en virtude de precepto legal o título lexítimo, polo que pode ser a existencia dunha sentenza xudicial, ou ben da propia execución do orzamento. As obrigas nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos, que segundo o dereito, se xeran. Nacidas as obrigas, as mesmas son esixible cando resultan da execución dos seus orzamentos, é dicir, que non poderán pagarse a obriga senón hai consignación orzamentaria.

Esta intervención informa que no proxecto de orzamento para o ano 2026, existe a aplicación orzamentaria 231.22300 por importe de 62.000 euros, a aplicación 334.22300 por importe de 2.000 euros e 341.22300 por importe de 2.000 euros.





Por unha parte a aplicación 231.223 é para sufragar os gastos de transporte do centro de día, que segundo consta no rexistro de facturas, a última factura presentada é por importe de 5.700 euros polo mes de decembro. Se ese importe se multiplica por 12 meses, resulta 68.400 euros. Se consideramos que está iniciado un expediente para licitación pública do servizo de transporte do centro de día, e considerando que as licitacións en moitos casos, son a baixa sobre o prezo de licitación, se considera axeitado o importe consignado para tal servizo.

O alegante manifesta que non existe partida específica o que non é certo, xa que está consignada a aplicación orzamentaria 231.22300, e que non é por cantidade suficiente, no parágrafo anterior se xustifica o importe consignado o cal se considera suficiente e adecuado para tal fin. Sen prexuízo de que a normativa orzamentaria permite non soamente verificar a existencia de crédito a nivel da aplicación orzamentaria senón tamén a nivel da bolsa de vinculación, que neste caso, é a 2.2 é o importe é de 938.500,00 euros. Polo que se esta intervención certifica, que no proxecto de orzamento, a data do presente informe, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto do servizo de transporte do centro de día, a vista do importe da última factura presentada no mes de decembro.

Nos outros gastos de transporte nas aplicacións 334.223 e 341.22300, no ano 2025s e recoñeceron obrigas por importe de 1.160,50 euros, polo que tamén se considera suficiente o crédito orzamentado.

Esta intervención non pode informar sobre a manifestación do alegante de que :” *sería necesario aplicar a correspondente partida orzamentaria de gastos de transporte de 166.000 euros para cubrir os transportes presupostados máis o transporte do centro de día*”, xa que non se entende a que gastos de transporte se refire, para ese importe de 166.000 euros.

Por todo o anterior, esta informa desfavorablemente a presente alegación de inclusión de partida específica para o gasto de transporte do centro de día, xa que a aplicación orzamentaria para o transporte do centro de día, está incluída no orzamento con crédito suficiente e adecuado a vista da última factura presentada a expensas do procedemento de licitación do servizo ( aplicación 231.223).”

3- Alegación de Guadalupe Prado Tome en base ao manifestado no informe de intervención transcrito anteriormente, concretamente cando manifesta:

“A alegante fundamenta a súa reclamación no artigo 170.2 b) de se omiten os crédito necesario para cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou calquera título lexítimo.

A esixibilidade das obrigas pode ser en virtude de precepto legal o título lexítimo, polo que pode ser a existencia dunha sentenza xudicial, ou ben da propia execución do orzamento.





As obrigas nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos, que segundo o dereito, se xeran. Nacidas as obrigas, as mesmas son esixible cando resultan da execución dos seus orzamentos, é dicir, que non poderán pagarse a obriga senón hai consignación orzamentaria.

En relación aos gastos que relaciona a alegante de aplicacións de desinfección e limpeza de contedores de lixo e o inversións de reposición de infraestruturas, non son no momento de aprobación do orzamento, obrigas esixibles, por cuanto no lle consta a esta intervención ningún precepto legal, acto, acordo, sentenza... que obriga a esta entidade local, a estes gastos. A lei impón a obriga as Corporacións locais de incluír as previsión para facer fronte a aquelas obrigas xa recoñecidas directamente pola lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos o ditados en aplicación de aquela.

Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa esixible, isto é, que se perfeccione mediante os actos necesarios para súa efectividade. Para que sexan esixibles as obrigacións de pago deben nacer previamente; por iso adóitase distinguir entre o nacemento da obrigación e a súa exigibilidade, de tal maneira que non son esixibles se non naceu a obrigación. Neste sentido o art. 26.1 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, dispón que “con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario”. Por iso, o art. 170.2.b) TRLRHL refírese a que é imprescindible que no Orzamento municipal conste consignación adecuada e suficiente para poder atender aquelas obrigacións que nacesen e que, en consecuencia, deben imputarse ao Orzamento inexorablemente para poder pagarse; e se non consta consignación adecuada e suficiente, o interesado pode alegar contra o Orzamento. Por iso, non é suficiente con ter unha simple expectativa ou presunción de que existirá unha obrigación de futuro, sendo imprescindible para aplicar o citado precepto que o interesado teña un título suficiente esixible á Entidade Local e que esta non consigne crédito para iso. Todo iso sen prexuízo da obrigación que poida ter, no seu caso, a Entidade Local de atender necesariamente determinados gastos, pero cando xurda a obrigación de atendelos.

Polo que esta intervención informa que esta alegación debe ser desestimada aínda que se intenta fundamentar no artigo 170.2 b) non se concreta o precepto legal o título lexítimo das obrigas que se mencionan, e ademais, a esta intervención a data do presente informe non lle consta a existencia desas obrigas.”

4- Alegación de Jose Manuel Lopez Rodriguez en base ao manifestado no informe de intervención transcrito anteriormente, concretamente cando manifesta:

“En primeiro lugar a alegante pon de manifesto que o imposto sobre ben inmobles de





natureza rústica, multiplícase por dous os seus ingresos.

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 11200 “ Imposto sobre bens inmoables de natureza rústica” segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

| ANO                           | PREVISIONS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 50.000,00           | 53.462,39            |
| 2024                          | 58.000,00           | 33.532,81            |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 58.000,00           | 20.771,52            |
| 2025                          | 58.000,00           | 38.357,14 *          |

- No ano 2025, a emisión do presente informe, se encontran 11 meses contabilizados, polo que os dereitos recoñecidos poderán ser máis.

A previsión do imposto sobre bens inmoables de natureza rústica é de 49.000 euros, se fixo unha previsión a baixa respecto as previsións dos anos anteriores, se consideramos que dos 6 primeiros meses do ano 2025 se tiveron 20.771,52 euros, ao final do ano sería de 41.543,04 euros. Polo que non hai unha previsión do dobre dos ingresos como se manifesta pola alegante, é o que é determinante unha posible diferenza de 8.000 euros, non se pode considerar que exista unha manifesta insuficiente dos ingresos.

En segundo lugar en relación ao imposto sobre bens inmoables de natureza, considera que ten unha estimación a alza, que é irreal, que non se axusta a situación actual.

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 11300 “ Imposto sobre bens inmoables de natureza rústica” segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

En relación a esta alegación, non se manifesta respecto a que exercicio se incrementa o importe por dous, o resumo do concepto 11300 “ Imposto sobre bens inmoables de natureza urbana” segundo a contabilidade municipal e as liquidacións dos orzamento aprobados é a seguinte:

| ANO                           | PREVISIÓNS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 650.000,00          | 535.546,73           |
| 2024                          | 755.000,00          | 722.529,41           |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 780.000,00          | 420.680,17           |
| 2025                          | 780.000,000         | 721.479,10           |

- No ano 2025, a emisión do presente informe, se encontran 11 meses contabilizados,





polo que os dereitos recoñecidos poderán ser máis.

A previsión do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana é de 820.000,00 euros, se fixo unha previsión a `partir do avance dos seis primeiros meses do ano 2025, que son de 420.3680,17 euros, se o multiplicamos por dous, teremos a previsión de dereitos recoñecidos do ano 2025, que é 841.360,34 euros, que maior que a previsión de ingresos do concepto do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana para o ano 2026, polo que non se entende que o alegante manifeste que é irreal e que non se axusta a situación actual do concello.

En terceiro lugar, en relación os ingresos pola piscina municipal e a utilización da pista de padel,

#### Piscina municipal

| ANO                           | PREVISIÓNS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 3.000,00            | 2.544,50             |
| 2024                          | 3.000,00            | 2.743,30             |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 3.000,00            | 0,00                 |

A previsión para o ano 2026 é de 4.000 euros, considerando que no avance do ano 2025 dos seis primeiros meses, non hai datos, xa que a piscina abre a finais do mes de xuño, e considerando o recadado en anos anteriores, non se pode considerar que a diferenza de 1.300 euros nun orzamento de 5.836.865,11 euros, sexa unha manifesta insuficiencia de ingreso.

#### Pista de padel

| ANO                           | PREVISIÓNS INICIAIS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|-------------------------------|---------------------|----------------------|
| 2023                          | 15.000,00           | 4585,71              |
| 2024                          | 5.000,00            | 3.589,87             |
| 2025 avance 6 primeiros meses | 3.000,00            | 2.854,53             |

A previsión para o ano 2026 é de 6.000 euros, considerando que no avance do ano 2025 dos seis primeiros meses, os dereitos recoñecidos eran de 2.854,53 e considerando que se se multiplica por dous, polo ano completo, son 5.709,06 euro menos os 6.000 euros de previsión para o ano 2026, son 290,94 euros non se pode considerar que a diferenza de 290,94 euros nun orzamento de 5.836.865,11 euros, sexa unha manifesta insuficiencia de ingreso.

En cuarto lugar, en relación as licenzas urbanísticas, se reproducen os mesmos fundamentos legais que para outra alegacións e informaron respecto das mesmas e do imposto sobre construción, instalacións e obras.

Polo anterior, esta intervención informa que carece de fundamento legal, ou polo menos coa







alegación presentada non se xustifica a insuficiencia deste ingreso en relación aos gastos orzaamentados. A alegante non manifesta cal é importe da insuficiencia dos ingresos neste concepto, cal é o importe que ao seu parecer podería ser o correcto para a previsión ( xa que menciona o dobre ou triplo pero non respecto a qué exercizo)

A Insuficiencia dos ingresos. Polo anterior esta intervención informa que a alegante non manifesta unha concreción da insuficiencia de ingresos respecto dos gastos, que é o motivo que permite a lei de facendas locais para impugnar os orzamentos, realmente non especifica o importe que se considera que os ingresos son manifestamente insuficiente respecto aos gastos, porque esta intervención recorda que o orzamento debe estar equilibrado, e se a alegante manifesta esta insuficiencia debería cuantificala e dicir que gasto deberían ser minorados, ou polo menos porque importe para manter o equilibrio orzamentario, requisito legal para a súa aprobación, por iso aínda que a alegante invoque a manifesta insuficiencia de ingresos, non pode aseverarse de maneira categórica a mesma en relación dos gastos orzamentados, como sinala a lei de facendas locais.

As cantidades orzamentadas teñen carácter estimativo, os gastos non han de superar o importe máximo das previsións de ingresos, xa que se prohibe o déficit inicial, o presente orzamento está equilibrado.

A suficiencia dos ingresos se acredita no informe económico financeiro que forma parte da documentación do orzamento xeral para o ano 2026, o cal xustifica a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos dos funcionamento dos servizos. Asimesmo, debe informarse que para que prospere a presente reclamación, tanto sobre a insuficiencia de ingresos como a dos créditos han de ser “ manifesta” debe acreditarse mediante informe pericial ou outro medio de proba suficiente non bastando con manifestacións de que “ sexa posible”, “ irreais”, desorbitado”..... neste senso, hai xurisprudencia tales extremos, como STSJ de Baleares de 1 de decembro de 2000 (JT2000,1937).

É polo que a impugnación soamente se pode aceptar se a insuficiencia sexa manifesta, pois outra cousa, suporía limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico financeiras que comporta o exercicio da autonomía local. Ademais o alegante non concreta o importe da insuficiencia, e menciona a realización dunha auditoría ou informe económico previo. O citado informe económico financeiro xa consta no expediente, dando co cumprimento ao mandato legal do artigo 168 do TRLFL, que regula o informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.”

**SEGUNDO.** Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral para o ano 2026 do Concello de





Guitiriz.

**TERCEIRO.** Publicar o Orzamento Xeral e Cadro de Persoal do ano 2026, definitivamente aprobado, no Boletín Oficial de Provincia de Lugo.

**CUARTO.** Notificar aos interesados/as e comunicar aos servizos municipais afectados.>>

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>B) ACTIVIDADE DE CONTROL</b></p> <p>Non hai asuntos</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| <p><b>C) ROGOS E PREGUNTAS</b></p> <p>Non hai asuntos</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| <p>Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervención producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:</p> <p>SHA512 -</p> <p>637c1ae4bc7566cc0ab8b05ae00d0aa6d0ff66a4aedef740805cf0006806405e09c134ab993b971d3121ccf5d4c584dfe2b6e386378e788c69578d1f5594aca6d</p> <p>O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:</p> <p><a href="https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=MjNIYmlwMzMtMGJmZC00ZGZmLWJiZTMtM2UzMGQ4OGUyMDli">https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=MjNIYmlwMzMtMGJmZC00ZGZmLWJiZTMtM2UzMGQ4OGUyMDli</a></p> |

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

